

O PSdeG de Lugo insiste en que á Xunta dea “ó número real” de pacientes derivados á sanidade privada “e se deixe de enganar”

Critica ó SERGAS por ofrecer datos “torpemente sesgados que para nada reflicten a realidade” ó afirmar que nos 2 últimos meses non derivou cirurxías a centros concertados, pois ó mesmo tempo “eles mesmos recoñecen que houbo traslados de vítimas de accidentes e para probas diagnósticas”

Cualifican de “ridículo e insultante” que o xerente de Xestión Integrada de Lugo negue o colapso das Urgencias do HULA, e reclaman que o Goberno galego faga públicas as listas de espera non estruturais e a axenda cerrada dos hospitais: “mentres non o fagan, non coñeceremos a auténtica situación”

O PSdeG de Lugo insistiu este xoves en esixirlle á Xunta que faga públicos “os datos reais sobre o número de pacientes derivados á sanidade privada este ano e cal é o custe que supoñen esas derivacións para as arcas públicas, e se deixe xa de enganar ós cidadáns”. A deputada autonómica Concepción Burgo fixo estas declaracións despois de que o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) asegurase que en Lugo non se desviou ningún paciente de cirurxía a centros concertados dende hai dous meses. Para a parlamentaria, “trátase dun dato torpemente sesgado –pois só se refire ós de cirurxía- e que para nada reflexa a realidade, tal e como, por outra banda, o propio SERGAS recoñece, pois fala ó mesmo tempo de que si puido haber algunha derivación de vítimas de accidente de tráfico e que tamén se derivan pacientes para realizar probas diagnósticas, como TACs ou resonancias”. É dicir, argumentou, Burgo, “tal e como advertimos os socialistas hai tan só dous días a raíz das numerosas denuncias que nos chegaron, estanse trasladando pacientes a centros privados, co custe que isto supón para as arcas públicas”.

Neste senso, a deputada lembrou que o PSdeG presentou varias preguntas escritas, que, segundo o regulamento, deben ser respondidas polo Goberno galego nun prazo máximo de 20 días, para que “a Xunta explique cantos pacientes se derivaron realmente á privada este ano e o custe que isto supuxo, e cal é o número real de camas e servizos pechados no HULA durante os meses estivais”.

“Que nunca máis se volva a repetir”

Os socialistas formularon así mesmo unha proposición non de lei para “que nunca máis se volvan a repetir tempos que críamos rematados, como o colapso das Urgencias do hospital, con pacientes estancados durante días nos corredores como sucedía no antigo Xeral”. Esta “terrible” situación xa non é por falta de espazo, argumentan, senón “porque a Consellería toma decisións sen nin sequera consensualas cos profesionais sanitarios, que dan máis do 100% no seu trallo e están a facer máis do que poden para garantir a calidade asistencial, a pesar de que non se están a cubrir baixas, nin hai substitucións nun cadro de persoal xa de por si escaso”.

Por outra banda, a deputada destacou que, “grazas ás denuncias públicas que levamos facendo os socialistas sobre a situación do hospital, polo menos, para sacar a foto, os boxes

de Urgencias estivesen como deberían estar todo ano, sen o colapso que puidemos ver nos últimos días”.

“Argumentos que se descualifican por si mesmos”

Concepción Burgo foi moi crítica coas afirmacións do xerente da Xestión Integrada de Lugo nas que negaba que houbera colapso nas Urgencias, xustificando a situación en que os profesionais “traballan moito pola implicación cos pacientes, e porque cren que os teñen que ter alí”. “Todos puidemos ver a realidade, así que, por riba de ter que sufrir a súa mala xestión sanitaria, non insulten ós cidadáns con argumentos ridículos, que se descualifican por si mesmos”, aseverou.

O PSOE reiterou tamén a súa reclamación de que a Xunta faga públicas as listas de espera non estruturais e a axenda cerrada dos hospitais: “mentres non o fagan, non coñeceremos a auténtica situación das listas de espera, porque o tempo medio de espera, que é o dato que agora ofrecen, non reflicte a realidade. Hai moitos pacientes que se quedan no limbo da burocracia, sen contabilizar en ningún lado”.

“As cifras, dende logo, non cadran: como pode ser que, segundo eles, as listas de espera vaian tan ben e que non haxa traslados á sanidade privada, cando, sen embargo, é cando hai menos persoal e recursos, e tampouco se fan horas extras? Onde van os pacientes?”, argumentou Concepción Burgo.

Lugo, 18 de xullo de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo